- Lei 3/1991, de 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

- Lei 1/1999, de 5 de febreiro, de modificación da Lei 9/1991, de 2 de outubro, de medidas básicas de inserción social.

- Anteproxecto de Lei para a Igualdade de mulleres e homes.

O Título I recolle a normativa sobre o Observatorio Galego da Familia e dos gabinetes de orientación familiar. O primeiro, concibido como instrumento de análise e coordinación das políticas autonómicas dirixidas á familia, mentres que os gabinetes de orientación familiar contémpanse como recurso especializado no apoio e promoción da calidade familiar, e na atención das diferentes situacións problemáticas ou de resgo á continuidade da axeitada convivencia familiar.

No artigo 7 do citado Título I expóñense, dentro das actuacións preventivas e asistenciais a desenvolver pola Xunta de Galicia, entre outras, as seguintes:

“7.5.- Desenvolverá a través do sistema educativo medidas orientadas a implicar directamente ás familias nos recursos educativos e garantirá a creación de escolas infantís e servizos de atención á infancia e á adolescencia como recursos que contribúen ó desenrolo integral dos nenos e das nenas e dos adolescentes e as adolescentes e, no seu caso, a lograr unha maior autonomía familiar. A estes efectos, a Xunta de Galicia elaborará e desenvolverá un plan de dotación de recursos no que se coordinen as súas actuacións coas das diferentes administracións públicas e as entidades privadas.
(...)

7.7.- Desenvolveranse programas de axuda a domicilio como medio de atender, desde unha perspectiva integral e normalizadora, ás necesidades da familia no seu conxunto ou de algún dos seus membros que, por imposibilidade de feito, no podan satisfacerlas por sí mesmos.”

No artigo 8 determínanse as actuacións integradoras a favor da familia que a Xunta de Galicia en colaboración coas corporacións locais debe desenvolver, dentro das que destacamos as seguintes:

“8.1 b) Constituirase un observatorio permanente da problemática familiar na Comunidade Autónoma galega, en conexión co Observatorio Europeo de Políticas da Familia.

8.1 c) Fomentaranse os elementos culturais que propicien a participación igualitaria nas responsabilidades familiares así como a igualdade de trato e de oportunidades entre home e muller.”

No que respecta ó Observatorio Galego da Familia, defínese no artigo 16 como “órgano colexiado de carácter consultivo e de apoio ó desenvolvemento das políticas sociofamiliares, adscrito á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude”.

Dentro das súas funcións, especificadas no artigo 18, podemos destacar como máis importantes en relación ó tema obxecto de estudo as seguintes:

“18.1.-Realizar análises e estudos, desde unha perspectiva integral e interdisciplinaria, sobre a situación das familias na Comunidade Autónoma, concedendo especial atención a:

-Repercusión das políticas fiscais, laborais e sociais desenvoltas por os distintos departamentos das administracións na situación das



familias galegas.

-As medidas que permitan garanti-la aplicación das políticas de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e, en particular, o acceso das mulleres en condicións de igualdade ó mercado de traballo.

-As accións e programas en favor de familias con especiais dificultades.

-A evolución demográfica na Comunidade Autónoma.”

- Decreto 42/2000, de 7 de xaneiro, de Asistencia Social. Refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

- Decreto 249/2002, do 18 de xullo, polo que se modifica o Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller.

- Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller.

- Orde do 25 de xaneiro de 2001, pola que se regulan as axudas para mantemento de centros e servizos dedicados á atención primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social. As axudas establecidas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212A.481.0, e o importe destinado a elas ascenderá a 1.410.875 euros. As aplicacións presupostarias que aparecen nesta orde e as seguintes detallanse no cadro 5.18.

- Orde do 25 de xaneiro de 2001, pola que se convocan as axudas para o mantemento de centros de atención á primeira infancia dependentes das corporacións locais. As axudas establecidas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212A.461.0 e o importe destinado a elas ascenderá a 1.423.340 euros.

- Orde do 26 de xaneiro de 2001 pola que se establecen os créditos e a aplicación orzamentaria que financiará a concesión de axudas e subvencións ó programa de obradoiros de emprego para o exercicio 2001. O financiamento dos programas regulados nesta orde realízase con cargo ós créditos que figura na aplicación orzamentaria 14.04.241A.480.0 cun importe de 25.925.648 euros.

- Orde do 26 de xaneiro de 2001, pola que se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades en ánimo de lucro, para o exercicio do ano 2001. O financiamento dos programas regulados nesta orde realízase con cargo ós créditos que figuran nas aplicacións orzamentarias: 14.04.241A.482.0 cun importe de 2.571.388 euros, 14.04.241A.419.0 cun importe de 420.708 euros, e 14.04.241A.440.0 cun importe de 1.803.036 euros.

- Orde do 31 de xaneiro de 2001, pola que se regula o réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego ou como iniciativas de emprego rural. O financiamento dos programas regulados nesta orde realízase con cargo ós créditos que figuran nas aplicacións orzamentarias seguintes: 14.04.241A.473.0 cun importe de 13.844.524 euros, 14.04.241A.471.0 cun importe de 13.341.735 euros, e 14.04.241B.475.0 cun importe de 27.463.368 euros.

- Orde do 1 de febreiro de 2001 pola que establecen os programas de fomento do emprego en empresas de economía social, para a promoción do emprego autónomo e para a integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e traballo autónomo. O financiamento dos programas regulados nesta orde será con cargo ós créditos que figuran nas aplicacións orzamentarias seguintes: 14.04.241A.473.0 cun crédito de 13.844.524 euros., 14.04.241A.470.0 cun crédito de 751.565 euros., 14.04.241A.471.0 cun crédito de 13.341.735 euros., e 14.04.241B.475.0 cun crédito de 27.463.368 euros.

- Orde do 1 de febreiro de 2001, pola que se convocan as bases polas que se regula a concesión de axudas para levar a cabo programas de educación familiar que desenvolverán as corporacións locais. Na aplicación orzamentaria 14.02.212A.460.0, existe unha partida orzamentaria de 1.024.725 euros, consignada para as axudas que se establecen no articulado desta orde.

- Orde do 6 de febreiro de 2001, pola que se regulan as axudas para

investimento en centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social. As axudas que se establecen nesta orde, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212D.780.0, e o importe destinado a elas ascenderá a 211.676 euros.

- Orde do 14 de febreiro de 2001 pola que se regulan as axudas para investimento de centros e servizos de atención a menores dependentes de entidades de iniciativa social. Na aplicación 14.02.212D.780, existe unha partida orzamentaria para as axudas que se establecen nesta orde, reservándose para tal efecto un importe global máximo de 148.930 euros.

- Orde do 20 de febreiro pola que se establecen as bases que reñen os distintos programas de axudas para o exercicio do ano 2001 da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinadas ó financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria. O financiamento das axudas previstas na presente orde, realízase con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.241A.460.0 por un importe total de 16.619.204 euros.

- Orde do 23 de febreiro de 2001 pola que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

-Orde do 8 de marzo de 2001, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de orientación profesional o emprego. O financiamento das subvencións establecidas nesta orde realízase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias: 14.03.241A.482, 14.03.241A.470, 14.03.241A.460, 14.03.241A.440, e 14.03.241B.482.

- Orde do 21 de marzo de 2001 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións a realización de actividades de información.

- Orde do 28 de marzo de 2001, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ó ano 2001. O financiamento das axudas previstas na presente orde farase con cargo ós créditos dos programas 14.03.241B.440.0 (203.719 euros), 14.03.241B.470.0 (204.410 euros), 14.03.241B.480.0 (394.967 euros), e 14.03.241B.482.0 (973.573 euros).

- Orde do 25 de abril de 2001 pola que se convocan prazas para residencia de educadoras en centros de atención e menores dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Na aplicación orzamentaria 14.02.212B.228, existe un crédito de 29.629 euros para sufraga-lo gasto ocasionado.

- Orde do 27 de abril de 2001, pola que se establece o programa de incentivos á contratación indefinida con orixe en plans empresariais de incremento da estabilidade laboral. O financiamento dos programas regulados nesta orde farase con cargo ás aplicacións orzamentarias 14.04.241A.473.0 cun crédito de 13.844.524 euros, e 14.04.241B.475.0 cun crédito de 27.463.368 euros.

- Orde do 9 de maio de 2001 pola que se establecen as bases reguladoras dos incentivos á contratación dirixidos a favorece-la conciliación da vida laboral e familiar. O financiamento dos programas regulados nesta orde financiaranse con cargo ós programas que figuran nas aplicacións orzamentarias 14.04.241A.473.0 cun crédito de 13.844.524 euros, e 14.04.241B.475.0 cun crédito de 27.463.368 euros.

- Orde do 10 de maio de 2001, pola que se establecen os programas de fomento da contratación e da estabilidade no emprego para o ano 2001. O financiamento dos programas regulados nesta orde financiaranse con cargo ós programas que figuran nas aplicacións orzamentarias 14.04.241A.471.0 cun crédito de 13.341.735 euros, 14.04.241A.473.0 cun crédito de 13.844.524 euros, 14.04.241B.475.0 cun crédito de 27.463.368 euros.

- Orde do 15 de maio de 2001 pola que se regula o funcionamento dos centros asociados ó Servizo Galego de Colocación e se establecen as bases e a convocatoria para a concesión das compensacións económicas das accións que realicen estes. O financiamento das

compensacións económicas previstas nesta orde faranse con cargo ós créditos dos programas 14.03.241B.461, 14.03.241B.471 e 14.03.241B.481.

- Orde do 21 de maio de 2001, das consellerías de educación e orde-nación universitaria e Promoción do emprego, muller e xuventude, pola que establecen as bases e se convocan subvencións para as corporacións locais da comunidade autónoma que vaian establecer un programa de axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos para o curso 2001-2002. As axudas establecidas nesta orde financian-ranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, 14.02.212A.463.0 por un importe de 136.309 euros, 07.03.323A.480.0 por un importe de 425.756 euros.

- Orde do 22 de xuño de 2001, pola que se desenvolve o Decreto 134/2001, do 7 de xuño, se establecen as bases reguladoras da con-cesión de axudas e subvencións ó funcionamento das unidades de promoción e desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria. O financiamento do programa regulado nesta orde realizarase con cargo ós créditos que figuran na aplicación orzamentaria 14.04.241A.480.0 por un importe total de 25.925.648 euros..

- Orde do 29 de xuño de 2001 pola que se regula o réxime de axu-das e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (Iebts). O financiamento das axudas reguladas nesta orde financiaranse con cargo ós créditos que figuran nas aplicacións orzamentarias 14.04.241A.473.0 cun crédito 13.844.524 euros, e 14.04.241B.475.0 cun crédito de 27.463.368 euros.

- Orde do 12 de xullo de 2001, pola que se regulan as axudas ás familias nas que se produce un parto múltiple, adopción ou acolle-mento preadoptivo de varios menores. Na aplicación 14.02.212A.480.0 existe unha partida orzamentaria consignada pola contía de 84.141 euros, para as axudas que se establecen no articula-do da presente orde.

- Orde do 23 de agosto de 2001, pola que se regulan as axudas e subvencións de técnicos laborais de emprego no ámbito da coloca-ción da Consellería de Familia e Promoción do emprego, muller e xuventude e as entidades locais a través de programas de coopera-ción e se procede á súa convocatoria. O financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.241A.460.0 por un importe total de 4.586.671 euros.

- Orde do 20 de novembro de 2001, pola que se establecen axudas periódicas de prevención e apoio á familias para a integración do menor. O financiamento das axudas establecidas nesta orde farase con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212A.482.0, na que se reserva unha crédito a tal efecto de 1.974.943 euros.

- Orde do 21 de novembro de 2001, pola que se modifica á do 12 de xullo de 2001, pola que se regulan as axudas ás familias nas que se produce un parto múltiple, adopción ou acollemento preadoptivo de varios menores. Hai un remate de crédito na aplicación orzamenta-ria 14.04.241A.461.0.

- Orde do 22 de novembro de 2001, na que se establece a convoca-toria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ó exercicio 2002. O financiamento das axu-das establecidas na presente orde farase con cargo ás aplicacións orzamentarias 14.03.241A.471.0 cun crédito de 19.010.926 euros, e 14.03.241A.480.0 cun crédito de 27.885.849 euros.

- Orde de 22 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras dos incentivos á contratación dirixidos a favorece-la conciliación da vida laboral e familiar.

-Orde de 5 de abril de 2002 pola que se establecen os programas de fomento do emprego en empresas de economía social, para a pro-moción do emprego autónomo e para a integración laboral das per-soas con discapacidade en centros especiais de emprego e traballo autónomo.

- Resolución do 28 de decembro de 2000, do Servicio Galego de Igualdade do Home e da Muller, pola que se establecen as bases reguladoras ás axudas que rexerán as liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres naquelas profesións ligadas a sectores e acti-vidades prioritarios en Galicia e se procede á súa convocatoria. Estas axudas financiaranse con cargo ás partidas orzamentarias

seguintes: 14.50.212A.461.0, 14.50.212 A.462.0, 14.50.212 A.471.0, 14.50.212 A.481.0 e 14.50.212 A.482.0. Cun orzamento conxunto de 1.797.026 euros.

- Resolución do 29 de decembro de 2000, do Servicio Galego de Igualdade do Home e da Muller, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables que rexeran as axudas e subvencións para actividades realizadas por entidades destinadas á promoción da muller se procede á súa convocatoria. Estas axudas financiaranse con cargo ás partidas orzamentarias seguintes: 14.50.212 A.460.0, 14.50.212 A.480.0 e 14.50.212 A. 483.0.

- Resolución do 29 de decembro de 2000, do Servicio Galego de Igualdade do Home e da Muller, pola que se convocan e establecen as bases reguladoras aplicables á concesión de bolsas de especiali-zación para a realización de estudos sobre a muller e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en Galicia e se procede á súa convocatoria. Estas axudas financiaranse con cargo á partida orza-mentaria seguinte: 14.50.212 A.480.0

- Resolución do 30 de xaneiro de 2001, do Servicio Galego de Igualdade do Home e da Muller, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables que xerarán as axudas e subvencións para a creación de empresas e a integración laboral da muller como estí-mulo a mulleres emprendedoras de Galicia (programa EMEGA), e pola que se procede á súa convocatoria. Estas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria seguinte: 14.50.212 A.470.0

- Resolución de 28 de decembro de 2001 pola que se establecen as bases reguladoras que xerarán as liñas de actuación e estímulo á for-mación de mulleres naquelas profesións ligadas a sectores e activi-dades considerados prioritarios en Galicia e pola que se procede á súa convocatoria. ■



Anexo V.- TERMINOLOXÍA

ACCIÓN POSITIVA: Estratexias e pautas de actuación que procuran e permiten incidir e corrixi-las discriminacións resultantes de prácticas sociais establecidas historicamente, co obxecto de establecer a igualdade de oportunidades.

ANÁLISE DE XÉNERO: Estudio das diferencias de condicións, necesidades, índices de participación, acceso ós recursos e desenvolvemento, control de activos, poder de toma de decisións, etc. entre homes e mulleres, debidas ós papeis que tradicionalmente se lles asignan.

BOAS PRÁCTICAS: Accións positivas realizadas para conseguir igualdade de oportunidades para as mulleres. A súa aplicación e resultados sêrvenlles de modelo a organismos e entidades para futuras planificacións e actuacións.

CENTRO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DA MULLER (CIAM): Atendido por unha avogada e unha administrativa, é un centro ó que acoden as mulleres de tódalas localidades para realizar consultas de orde xurídica (separacións, divorcio, malos tratos), sobre recursos, orientación profesional e todo o referido ó Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

CENTROS DE ACOLLIDA PARA MULLERES: Ante a situación de indefensión polos malos tratos e a violencia familiar en que se atopan moitas mulleres, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos, formouse unha rede de solidariedade entre as casas de acollida para mulleres maltratadas cunha conexión entre elas de tal xeito que as mulleres galegas que o precisen teñen a onde acudir.

Este servizo vense realizando en colaboración con concellos e outras institucións co obxecto de que as mulleres que sofren malos tratos e as súas fillas e fillos dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan orientar a súa situación persoal.

O requisito para acceder a estes centros é a presentación da copia da denuncia por malos tratos, podendo acudir a muller e os seus fillos, sempre que estes non sexan maiores de 14 anos.

CENTROS DE ATENCIÓN A MULLERES ANCIÁS SOAS: Estes centros forman parte dun programa que inclúe aspectos sociais e sanitarios co fin de proporcionarlle-lo apoio necesario para a súa participación social, evitando o illamento no que se atopan.

CENTROS DE ATENCIÓN A MULLERES RECLUSAS: Dirixido á formación profesional das mulleres privadas de liberdade para favorecer a súa inserción e o acceso ó mercado laboral no momento no que remate o seu período de reclusión.

CENTROS DE ATENCIÓN A MULLERES SOAS CON CARGAS FAMILIARES: O obxectivo destes centros é posibilitar ás mulleres con fillos ó seu cargo exclusivamente a ausencia do seu domicilio para xestionar calquera cuestión relacionada coa asistencia a cursos formativos, ó traballo ou a un centro médico. É un servizo gratuíto que poden solicitar aquelas mulleres que teñen ó seu cargo nenos pequenos e os seus ingresos familiares non superan as 120.000 ptas. Mensuais.

CENTROS DE ATENCIÓN A MULLERES XITANAS: Dirixidos á formación profesional, información e atención das mulleres de etnia xitana para favorecer a súa inserción social e o acceso ó mercado de traballo.

CENTROS DE DÍA: Centros destinados a acoller a mulleres que procedan do mundo da prostitución nos que se lles presta apoio para a súa integración social, psicolóxico, orientación laboral e atención ós seus fillos e fillas menores. Realizan tamén un labor preventivo

entre aqueles colectivos de mulleres que por diferentes causas están abocadas a integrarse no exercicio da prostitución como único medio de vida.

CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM): Este tipo de centros creouse a instancia das mulleres de cada zona e dos concellos que as acollen. Teñen carácter comarcal e teñen como funcións as de concienciar á poboación en xeral da problemática que afecta ó colectivo feminino, dinamiza-la presenza da muller na actividade social, cultural e económica da zona, dar a coñecer ás usuarias os seus dereitos así como os servizos e recursos existentes na Comunidade Autónoma a prol das mulleres (formación, cursos, programas, subvencións...), proporcionar un asesoramento personalizado para a realización da xestión administrativa (cubrir impresos, realizar un currículo...) a acadar datos sobre a situación das mulleres, as súas inquedanzas e demandas para propoñer-las medidas necesarias para solucionarlas.

COTA: Proporción de postos, escanos ou recursos que lle deben ser atribuídos a un colectivo específico. Con esta medida preténdese corrixi un desequilibrio anterior, xeralmente en posicións de toma de decisións, en canto ó acceso a oportunidades de formación, a postos de traballo, ou a representación política.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA: Existirá discriminación directa cando unha persoa sexa, fose ou poidera ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación análoga, por motivos de relixión, discapacidade, idade, orientación sexual, ou sexo.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA: Comprende tratamentos formalmente non discriminatorios dos que se derivan, polas diferencias fácticas que teñen lugar entre traballadores de distinto sexo, consecuencias desiguais prexudiciais polo impacto diferenciado e desfavorable que tratamentos formalmente iguais ou tratamentos douzamente desiguais teñen sobre os traballadores de un e doutro sexo a causa da diferenza de sexo.

EQUIDADE ENTRE HOMES E MULLERES: Supón a equivalencia en termos de dereitos, beneficios, obrigas e oportunidades.

ESTEREOTIPOS DE XÉNERO: Conxunto de ideas e crenzas sobre un determinado grupo humano que, sen basearse en criterios obxectivos, lles atribúen a tódolos compoñentes do grupo determinadas capacidades e actitudes de mulleres e homes.

FAMILIA: Conxuntos de persoas unidas por vínculos de matrimonio ou de parentesco, ou as unidades de convivencia cando constitúan núcleos estables de vida en común. (*Artigo 2.1 Decreto 42/2000, de 7 de xaneiro que refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.*)

INFANCIA: Período da vida das persoas comprendido desde o nacemento ata a idade de 12 anos. (*Artigo 2.2 Decreto 42/2000, de 7 de xaneiro que refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.*)

IGUALDADE: Concepto desenvolvido a partir do século XVIII, co ideario do movemento ilustrado, que salienta a capacidade de autonomía e os dereitos igualitarios da cidadanía.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: Principio teórico que permite poñer en marcha estratexias prácticas para corrixi-las desigualdades estruturais entre mulleres e homes e chegar á igualdade real.

IGUALDADE DE XÉNERO: Significa que mulleres e homes poden participar e teñen o mesmo poder e a mesma consideración social para tomar decisións, tanto no ámbito público como no privado.

IGUALDADE FORMAL: É a dictaminada polas diferentes lexislacións dos organismos públicos, internacionais, nacionais, europeos..., en materia de igualdade de trato entre mulleres e homes.

IGUALDADE REAL: Situación de equilibrio nas relacións entre homes e mulleres segundo a cal teñen as mesmas posibilidades para compartilo traballo, o poder, a toma de decisións e as responsabilidades familiares, valorando igualmente as súas capacidades, necesidades e contribucións como cidadá e cidadáns.

MAINSTREAMING DE XÉNERO: Organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos proxectos políticos, de xeito que unha perspectiva de igualdade de xénero se incorpore en tódalas políticas, a tódolos niveis e en tódalas etapas, polos actores normalmente involucrados na adopción de medidas políticas.

POLÍTICAS DE IGUALDADE: Marcos referenciais de actuación política que contemplan o principio de igualdade de trato a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas coma cidadás, propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

SEGREGACIÓN HORIZONTAL: Concentración de mulleres e de homes en sectores e empregos específicos.

SEGREGACIÓN VERTICAL: Concentración de mulleres e de homes en graos e niveis específicos ou responsabilidades.

TELÉFONO DA MULLER: Teléfono gratuíto, con cobertura para todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma, que é atendido por un equipo multidisciplinar que asesora ás mulleres, tanto sobre temas relacionados co dereito de familia+, emprego, recursos sociais...

TRANSVERSALIDADE: Incorporación do principio de igualdade de oportunidades a todo tipo de proxectos públicos ou privados nos diferentes ámbitos: educativo, económico, cultural, político, social...

VIOLENCIA DE XÉNERO: refírese a todo acto de violencia baseada no xénero que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria da liberdade, xa sexa que ocorra na vida pública ou na privada.

VIOLENCIA FÍSICA: golpes, queimaduras, mutilación xenital, tortura, asasinato...

VIOLENCIA SEXUAL: calquera actividade sexual non consentida, chistes, bromas, comentarios ofensivos, exhibicionismo, participación forzada en pornografía, tocamientos sexuais indesexados, relación sexual obrigada, violación, incesto, embarazo forzado, turismo sexual, tráfico e explotación en actividades relacionadas co sexo.

VIOLENCIA PSICOLÓXICA: bromas, comentarios, ameazas, illamento, desprezo, intimidación, insultos, ridiculización, silencio...

VIOLENCIA ECONÓMICA: desigualdade no acceso ós recursos compartidos, negación ou control do acceso ó diñeiro, impedi-lo acceso a un posto de traballo, impedi-lo acceso á educación, nega-lo dereito á propiedade...

VIOLENCIA ESTRUCTURAL: estrictamente relacionada coa violencia económica. Refírese á existencia de barreiras invisibles e intanxibles contra a realización das opcións potenciais e dos dereitos básicos.

VIOLENCIA ESPIRITUAL: erosionar ou destruí-las crenzas culturais ou relixiosas dunha muller a través do ridículo ou o castigo, ou obrigal a aceptación dun sistema determinado de crenzas. ■